

PROGRAMACIÓN ANUAL

Curso 2021-2022

Física e Química

Modificada segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación.

ÍNDICE

1.	COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.....	2
2.	DATOS XERAIS DO ALUMNADO.....	3
	2.1. SEGUNDO CURSO DE ESO.	3
	2.2. TERCEIRO CURSO DE ESO.....	3
	2.3. CUARTO CURSO DE ESO.	3
	2.4. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.	3
3.	OBXECTIVOS XERAIS DA ESO	4
4.	CONTRIBUCIÓN DA FÍSICA E QUÍMICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	5
5.	PROGRAMACIÓN DOS BLOQUES DE UNIDADES	7
	5.1 BLOQUES DE FÍSICA E QUÍMICA DE SEGUNDO DE ESO.	7
	5.2. BLOQUES DE FÍSICA E QUÍMICA DE TERCEIRO DE ESO.....	15
	5.3. BLOQUES DE FÍSICA E QUÍMICA DE CUARTO DE ESO.	22
	5.4. BLOQUES DE CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL.....	34
6.	TEMPORALIZACIÓN	40
	6.1. TEMPORALIZACIÓN PARA 2º ESO.	40
	6.2. TEMPORALIZACIÓN PARA 3º ESO.....	41
	6.3. TEMPORALIZACIÓN PARA 4º ESO.....	42
	6.4. TEMPORALIZACIÓN PARA CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL.	43
7.	MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA	44
	7.1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 2º ESO.....	44
	7.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 3º ESO.....	46
	7.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 4º ESO.....	48
	7.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES PARA CIENCIAS APLICADAS.....	51
8.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	53
	8.1. AVALIACIÓN EN 2º DE ESO.....	53
	8.2. AVALIACIÓN EN 3º E 4º DE ESO.....	54
	8.3. AVALIACIÓN EN CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL.	56
	8.4. AVALIACIÓN FINAL.....	58
9.	METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS	59
	9.1. METODOLOXÍA.....	59
	9.2. MATERIAIS CURRICULARES.....	60
	9.3. RECURSOS DIDÁCTICOS.....	60
10.	AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	62
11.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	62
12.	PROGRAMACIÓN DAS MEDIDAS DE REFORZO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.....	63
13.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	64
14.	CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	64
15.	CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC	65
16.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	66
17.	PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE	67
18.	PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN.....	69

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.

O departamento está formado por dous membros co seguinte reparto horario:

María Luisa Antón San Miguel. Mestre con praza definitiva no centro e que imparte tamén Bioloxía e Xeoloxía en 1º de ESO.

Física e Química 2ºA e 2ºB ESO

Daniel Losada Andreu. Xefe do departamento, profesor con praza definitiva de Física e Química.

Física e Química 3ºA , 3ºB e 4º ESO

Ciencias aplicadas á actividade profesional 4º ESO

O ámbito científico-matemático dos estudos de educación secundaria para persoas adultas é impartido polos departamentos de Matemáticas e Bioloxía e Xeoloxía este curso.

Dedicaranse os luns ás 12,25 e os mércores ás 10,25 horas para a realización das labores relacionadas coa Xefatura de departamento. Esta sesión aproveitarase para avaliar o proceso docente desenvolvido. Como parte desta avaliación empregaremos o resultado dos exames, do traballo na clase e das actividades e cuestionarios da aula virtual como indicadores do seguimento da materia por parte do alumnado. Tamén estaremos en contacto cos titores e o departamento de orientación para aproveitar os datos dos cuestionarios que se lle pasan ao alumnado ao longo do curso.

Así mesmo manteranse frecuentes reunións cos membros do departamento de Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía para a realización de actividades conxuntas e programar as partes do temario que están relacionadas.

2. DATOS XERAIS DO ALUMNADO

2.1. Segundo curso de ESO.

O alumnado de 2º de ESO está distribuído en dous grupos de 19 alumnos. Hai dous alumnos que repiten curso e catro están exentos de francés por problemas nas linguas. Dous alumnos teñen ACS en varias materias e son atendidos nalgunha sesión pola profesora de PT. Actualizaremos a adaptación en colaboración co departamento de orientación.

Un alumno ten unha elevada discapacidade física e cognitiva e ten unha persoa da fundación ONCE que o axuda nas clases. Dous días asiste a Santiago a un centro de educación especial.

2.2. Terceiro curso de ESO.

O alumnado de 3º de ESO está distribuído en dous grupos de 13 e 14 alumnos. A optativa se reparte entre francés e cultura clásica.

Un alumnos repite curso e ten a materia de FQ suspensa de segundo.

Un alumno promociona por lei e outros 7 fano con algunha materia pendente de 2º.

Dous alumnos teñen ACS en varias materias e son atendidos nalgunha sesión pola profesora de PT. Actualizaremos a adaptación en colaboración co departamento de orientación.

2.3. Cuarto curso de ESO.

O alumnado de 4º de ESO está distribuído en dous grupos de 15 e 16 alumnos dos cales escollen Física e Química 16 que forman un só grupo.

Cinco alumnos escollen o itinerario que conduce a estudos aplicados coa materia de Ciencias Aplicadas como opción.

.

2.4. Alumnado con materias pendentes.

Tres alumnos promocionan a 4º coa Física e Química suspensa de 3º, e un repite terceiro de ESO coa FQ de 2º suspensa polo que terán que ir presentando os traballos que se lle entreguen para optar aos exames parciais de recuperación.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

Os obxectivos para a ESO son os recollidos no decreto 86/2015.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas,

utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. CONTRIBUCIÓN DA FÍSICA E QUÍMICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía, (CMCCT).

- Recoñecer e comprender a composición da materia desde un punto de vista tanto macroscópico coma microscópico.
- Recoñecer e entender os cambios tanto físicos coma químicos da materia.
- Comprender a orixe da electricidade e o comportamento da materia fronte a esta.
- Aprender os conceptos e procedementos esenciais tanto da Química coma da Física.
- Familiarizarse co traballo científico.
- Coñecer a interrelación entre determinados hábitos sociais, actividade científica e tecnolóxica e o medio.
- Realizar cálculos baseados en magnitudes físicas.
- Determinar a concentración dunha disolución en diferentes unidades de medida.
- Realizar cálculos con ecuacións químicas.
- Calcular interaccións entre cargas eléctricas.
- Usar a linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais.
- Utilizar axeitadamente ferramentas matemáticas.
- Resolver problemas de formulación e resolución máis ou menos aberta.

2. Competencia dixital, (CD).

- Usar táboas de datos para obter información ou para ordenar datos obtidos. Empregar ferramentas TIC para o seu tratamento: follas de cálculo, presentacións, ...
- Representar datos en forma de gráficas e utilizar gráficas para obter datos, tanto en papel como empregando recursos dixitais.
- Utilizar esquemas, mapas conceptuais, etc.
- Usar tecnoloxías da información e a comunicación para busca de información e o intercambio de ideas: aulas virtuais, redes sociais, páxinas web,...

3. Competencias sociais e cívicas, (CSC).

- Comprender que a obtención de materias primas pode prexudicar o medio.

- Entender que a obtención de produtos pode prexudicar o noso contorno.
 - Recoñecer o efecto da obtención de enerxía sobre o medio.
 - Traballar en equipo para resolver actividades complexas.
 - Aprender a aceptar os puntos de vista distintos ao propio.
 - Comprender os riscos que para as persoas ou o medio pode supor o desenvolvemento tecnocientífico.
4. Competencia en comunicación lingüística, **(CCL)**.
- Adquirir a terminoloxía científica correspondente a cada tema para poder entender os conceptos tratados.
 - Entender os enunciados das diferentes actividades propostas.
 - Configurar e transmitir ideas e informacións sobre a natureza.
5. Competencia para aprender a aprender, **(CAA)**.
- Recoñecer o método científico como forma de avanzar na investigación científica.
 - Esforzarse en resolver as actividades de crecente complexidade.
 - Verbalizar ou representar o proceso seguido na realización dun problema.
 - Saber reflexionar sobre o que se aprendeu e o que falta por aprender.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, **(CSIEE)**.
- Comprender as situacións formuladas en problemas para planificar a estratexia que cómpre seguir para resolvelos.
 - Desenvolver a toma de decisións.
 - Avaliar o proceso de resolución dun problema.
 - Optimizar os recursos para a resolución dos problemas formulados.
7. Conciencia e expresións culturais, **(CCEC)**.
- Aínda que non recibe un tratamento específico nesta materia, enténdese que o pensamento crítico e o desenvolvemento da capacidade de expresar as propias ideas son facilmente transferibles a campos como o artístico e cultural.
- O uso de técnicas físico-químicas para a conservación, restauración e datación do patrimonio cultural e artístico pode usarse como camiño para a valoración e comprensión do patrimonio cultural da todas as civilizacións.

5. PROGRAMACIÓN DOS BLOQUES DE UNIDADES

Indicamos na seguinte táboa as abreviaturas empregadas nos instrumentos de avaliación que aparecen nos bloques de todos os cursos.

Proba escrita	PE
Actividades realizadas na aula	AA
Traballos individuais ou colectivos	TR
Observación directa sobre o traballo diario	OD
Caderno de clase	CC
Prácticas de laboratorio	PL

5.1 Bloques de Física e Química de segundo de ESO.

De seguido expoñemos os contidos para segundo de ESO xunto cos criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe para cada bloque temático e o grao mínimo esixible para cada estándar.

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
Bloque 1. A actividade científica						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Método científico: etapas. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe empregar as etapas do método científico para realizar os traballos. 	AA OD CC TR	CAA CCL CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ É capaz de realizar a toma de datos de forma ordenada en táboas e gráficas. 	AA OD CC	CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe recoñecer o traballo científico que se atopa detrás dalgunhas aplicacións tecnolóxicas. 	AA OD CC	CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece as magnitudes e unidades do SI e realiza cambios de unidades empregando factores de conversión. 	PE AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe medir as magnitudes físicas básicas empregando os instrumentos apropiados. 	PE AA OD PL	CSIEE CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe ler o significado das etiquetas máis usuais nun laboratorio. 	AA PL	CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Traballo no laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece o material básico de laboratorio e a súa función. 	AA PL	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe interpretar textos de divulgación científica relacionándoos cos conceptos estudados. 	AA OD CC	CAA CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Procura e tratamento de información. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece algunhas páxinas de internet onde atopar información fiable. 	AA OD	CAA CD CSC

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Método científico: etapas. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. ▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. ▪ B1.5. Traballo no laboratorio. ▪ B1.6. Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe realizar traballos sinxelos empregando as TIC e os presenta con corrección. 	TR PL	CAA CCEC CCL CD CMCCT CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecta o traballo realizado polos compañeiros e sabe realizar tarefas en grupo. 	TR PL	CAA CSC CSIEE
Bloque 2. A materia						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Propiedades da materia. ▪ B2.2. Aplicacións dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece as principais propiedades características que se empregan para identificar substancias. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece os materiais máis empregados no seu entorno. 	AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe medir experimentalmente a densidade de sólidos. 	AA OD CC PL	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende como inflúe a presión e a temperatura sobre os estados de agregación. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica as propiedades dos tres estados empregando a TCM. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplicaos á interpretación de fenómenos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe explicar as propiedades dos cambios de estado. 	PE AA OD CC	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			<ul style="list-style-type: none"> FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe ler as gráficas de quecemento das substancias puras. 	PE AA OD CC	CMCCT
f	B2.4. Leis dos gases.	B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular. 	<ul style="list-style-type: none"> Explica as propiedades dos gases empregando a TCM. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza cálculos empregando as leis dos gases ideais. 	PE AA OD CC	CAA CMCCT
f	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Substancias puras e mesturas. B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides. 	B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides. 	<ul style="list-style-type: none"> Distingue as substancias puras das mesturas. Identifica elementos e compostos químicos como substancias puras. Distingue entre mesturas homoxéneas e heteroxéneas. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe recoñecer o soluto e disolvente de distintas disolucións 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza os cálculos necesarios para preparar disolucións expresadas en g/L e porcentaxe. 	PE AA OD CC	CCL CMCCT
f	B2.7. Métodos de separación de mesturas.	B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.	<ul style="list-style-type: none"> FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe aplicar os métodos de separación de substancias a casos concretos. 	PE AA OD CC	CAA CMCCT CSIEE
Bloque 3. Os cambios						
f h	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. B3.2. Reacción química. 	B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.	<ul style="list-style-type: none"> FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe distinguir entre cambios físicos e químicos. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe describir procesos nos que ocorren cambios 	PE	CCL

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e reconece que se trata de cambios químicos.	químicos.	AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ É capaz de realizar reaccións químicas sinxelas no laboratorio. 	TR PL	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Reacción química. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe representar as reaccións químicas identificando produtos e reactivos. 	PE AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. A química na sociedade e o ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue entre produtos naturais e sintéticos. 	AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece a contribución da química á mellora da calidade de vida. 	AA OD CC	CMCCT CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. A química na sociedade e o ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende os problemas ambientais de importancia no planeta e coñece algunhas posibles solucións.. 	PE AA OD CC	CMCCT CSC CSIEE
Bloque 4. O movemento e as forzas						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Forzas: efectos. ▪ B4.2. Medida das forzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica as forzas que actúan na natureza e reconece os efectos que producen. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece a relación que existe entre a forza e o alongamento que produce nun material elástico. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece os efectos das forzas. 	PE AA OD CC	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			<ul style="list-style-type: none"> FOB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe como calibrar un dinamómetro en unidades do SI. 	PE AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> b f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Velocidade media. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo. 	<ul style="list-style-type: none"> FOB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado. 	<ul style="list-style-type: none"> Determina a velocidade media dalgún corpo. 	PE AA OD CC	CAA CD CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FOB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe realizar cálculos coa velocidade media. 	PE AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Velocidade media. B4.5. Velocidade instantánea e aceleración. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas. 	<ul style="list-style-type: none"> FOB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe calcular a velocidade a partir de gráficas v-t e x-t. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FOB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece un movemento acelerado a partir de gráficas v-t e x-t. 	PE AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Máquinas simples. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria. 	<ul style="list-style-type: none"> FOB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta o funcionamento das máquinas mecánicas e coñece a súa utilidade. 	AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.7. O rozamento e os seus efectos. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> FOB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende os efectos das forzas de rozamento. 	AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.8. Forza gravitatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende. 	<ul style="list-style-type: none"> FOB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe interpretar a lei de Newton da gravitación. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FOB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece as diferenzas entre masa e peso. 	PE AA OD CC	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			<ul style="list-style-type: none"> FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos. 	<ul style="list-style-type: none"> Entende os movementos dos planetas no sistema solar como o resultado das forzas que interactúan entre eles 	PE AA OD CC	CMCCT
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> B4.9. Estrutura do Universo. B4.10. Velocidade da luz. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe medir distancias entre obxectos celestes empregando a velocidade da luz como patrón de medida. 	AA OD CC	CMCCT
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Forzas: efectos. B4.8. Forza gravitatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> Recompila os diversos fenómenos asociados á forza gravitatoria en forma de traballo, seguindo os pasos indicados. 	TR	CCL CD CMCCT CSIEE
Bloque 5. Enerxía						
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Enerxía: unidades. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> Entende o concepto de enerxía e a súa conservación 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> Emprega as unidades do SI para medir a enerxía. 	PE AA OD CC	CMCCT
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Tipos de enerxía. B5.3. Transformacións da enerxía. B5.4. Conservación da enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica a enerxía cinética e potencial gravitatoria e explica a transformación dunha en outra. 	PE AA OD CC	CMCCT
▪ f ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Enerxía térmica. Calor e temperatura. B5.6. Escalas de temperatura. B5.7. Uso racional da enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfire a enerxía térmica en situacións cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor. 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe explicar o concepto de temperatura segundo o modelo CM. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece as escalas de temperaturas celsius e kelvin 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece os mecanismos de transferencia de enerxía 	PE	CAA

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	e as aplicacións dos condutores e illantes.	AA OD CC	CMCCT CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Efectos da enerxía térmica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe explicar o concepto de dilatación e as súas aplicacións. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece como se elabora a escala celsius a partir de dous puntos fixos 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende o concepto de equilibrio térmico e sabe relacionalo coa temperatura. 	PE AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Fontes de enerxía. ▪ B5.10. Aspectos industriais da enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FOB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe identificar as fontes de enerxía renovables e non renovables máis usuais. 	AA OD CC	CCL CMCCT CSC

5.2. Bloques de Física e Química de terceiro de ESO.

Das memorias dos últimos anos pode deducirse que con dúas horas semanais é imposible abordar todas as unidades didácticas programadas dunha forma minimamente rigorosa. Lonxe de solucionar este problema coa implantación da LOMCE se incrementan o número de obxectivos e criterios de avaliación relacionados co bloque da enerxía e concretamente cos apartados de electromagnetismo. Ademais se mencionan en case todos os bloques que o alumnado debe realizar traballos de investigación e elaborar informes sobre os mesmos empregando as TICs.

Parece imposible abordar de forma realista todos estes bloques con dúas horas á semana, polo que, de acordo co departamento de tecnoloxía, este curso limitaremos o estudo dos fenómenos eléctricos á parte de electrostática deixando a corrente eléctrica e as súas aplicacións para o mencionado departamento.

De seguido expoñemos os contidos para terceiro de ESO xunto cos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para cada bloque temático. Indícase tamén o grao mínimo esixible para cada estándar.

Física e Química. 3º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
Bloque 1. A actividade científica						
f h	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Método científico: etapas. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende a importancia da formulación de hipóteses 	AA OD CC	CAA CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe construír e interpreta táboas de valores e gráficas sinxelas. 	PE AA OD CC	CCL CMCCT
f m	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece as etapas do método científico en traballos cotiáns. 	AA OD CC	CAA CCEC CMCCT
f	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. ▪ B1.5. Erros. ▪ B1.6. Traballo no laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Domina o SI de unidades e sabe expresar calquera número en notación científica. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe medir magnitudes de lonxitude, masa e tempo. 	PE AA OD CC	CAA CMCCT
f	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Traballo no laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece os símbolos das etiquetas dos produtos químicos. ▪ Recoñece o material básico de laboratorio. 	AA OD CC PL	CMCCT
e f h i	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Procura e tratamento de información. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta textos con información científica. 	AA OD CC	CAA CCL CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Manexa fontes de información diversas. 	AA OD CC	CD CSC
b e f g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Método científico: etapas. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. ▪ B1.4. Medida de magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe realizar tarefas sinxelas empregando as TIC. 	TR PL	CAA CCL CD CMCCT

Física e Química. 3º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i 	Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Erros. ▪ B1.6. Traballo no laboratorio. ▪ B1.8. Proxecto de investigación. 					CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballar en equipo con actitude positiva. 	TR PL	CSIEE CSC
Bloque 2. A materia						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estrutura atómica. Modelos atómicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Representa o átomo empregando o modelo de Bohr. 	PE AA OD CC	CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece as características de electróns, protóns e neutróns. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcula o nº de partículas a partir da notación ${}^A_Z X$ 	PE AA OD CC	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Isótopos. ▪ B2.3. Aplicacións dos isótopos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe explicar que é un isótopo e coñece algunha aplicación. 	PE AA OD CC	CMCCT CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Sistema periódico dos elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece o criterio de ordenación dos elementos no SP actual. 	PE AA OD CC	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona as propiedades dos elementos coa súa posición no SP. 	PE AA OD CC	CMCCT
- FQB5.3.2. Coñece o significado da intensidade, voltaxe e resistencia eléctrica.
- FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes.
- FQB5.4.1. Entende a transformación entre diferentes tipos de enerxías.
- FQB5.4.2. Representa circuitos simples con diferentes conexións.
- FQB5.4.3. Realiza cálculos simples empregando a lei de Ohm.
- FQB5.4.4. Emprega simulacións de magnitudes eléctricas.
- FQB5.5.1. Coñece os compoñentes eléctricos dunha vivenda.
- FQB5.5.2. Comprende os símbolos das etiquetas dos dispositivos.

- FQB5.5.3. Representa os compoñentes habituais dun circuíto eléctrico.
- FQB5.5.4. Recoñece os elementos electrónicos básicos.
- FQB5.6.1. Coñece diferentes mecanismos para producir enerxía eléctrica.

7.3. Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles para 4º ESO.

- FQB1.1.1. Coñece as achegas relevantes de científicos a diversas áreas de coñecemento.
- FQB1.1.2. Coñece as características do traballo científico.
- FQB1.2.1. Coñece a diferenza entre hipótese, lei e teoría.
- FQB1.3.1. Sabe recoñecer as magnitudes escalares e vectoriais.
- FQB1.4.1. Sabe realizar unha análise dimensional para determinar a homoxeneidade dunha fórmula.
- FQB1.5.1. Sabe calcular o erro absoluto e relativo dunha medida.
- FQB1.6.1. Sabe calcular o valor dunha medida partindo dunha serie de valores e o expresa coa cifras correctas.
- FQB1.7.1. Recoñece as relacións lineais ou cuadráticas a partir de gráficas.
- FQB1.8.1. Sabe realizar un traballo de investigación empregando as TIC.
- FQB1.9.1. Realiza prácticas de laboratorio en grupo de forma colaborativa e seguindo as normas de seguridade.
- FQB1.9.2. Sabe realizar un traballo de investigación en grupo empregando as TIC.
- FQB2.1.1. Coñece a evolución dos modelos atómicos ata a teoría de orbitais atómicos.
- FQB2.1.2. Recoñece os modelos atómicos a partir de aplicacións interactivas.
- FQB2.2.1. Sabe escribir a configuración electrónica e relacionala coa posición na táboa periódica.
- FQB2.2.2. Sabe clasificar os elementos coñecida a súa configuración electrónica.
- FQB2.3.1. Coñece os nomes e símbolos dos elementos e os sitúa na táboa periódica.
- FQB2.4.1. Utiliza os diagramas de Lewis para explicar o enlace de substancias iónicas e covalentes.
- FQB2.4.2. Sabe interpretar as fórmulas de compostos iónicos e covalentes.
- FQB2.5.1. Coñece as propiedades das substancias iónicas e covalentes.
- FQB2.5.2. Explica as propiedades dos metais empregando a teoría dos electróns libres como modelo.
- FQB2.5.3. Coñece probas de laboratorio para recoñecer o enlace das substancias.
- FQB2.6.1. Sabe nomear e escribir fórmulas de compostos ternarios seguindo as normas da IUPAC
- FQB2.7.1. Coñece a importancia das forzas intermoleculares en substancias relevantes.
- FQB2.7.2. Sabe relacionar as forzas intermoleculares coas propiedades físicas das substancias covalentes moleculares.
- FQB2.8.1. Entende os motivos da existencia do gran número de compostos de carbono.
- FQB2.8.2. Coñece as propiedades das formas alotrópicas do carbono.
- FQB2.9.1. Sabe representar hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula semidesenvolvida e desenvolvida.
- FQB2.9.2. Recoñece as fórmulas a partir de modelos moleculares.
- FQB2.9.3. Coñece as aplicacións de hidrocarburos sinxelos
- FQB2.10.1. Sabe recoñecer a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.
- FQB3.1.1. Sabe aplicar a lei de conservación da masa ás reaccións químicas.
- FQB3.2.1. Coñece os factores dos que dependen as reaccións químicas.
- FQB3.2.2. Coñece o efectos dos factores dos que depende a velocidade das reaccións químicas en exemplos sinxelos.
- FQB3.3.1. Sabe recoñecer o carácter endotérmico ou exotérmico dunha RQ coñecendo a calor de reacción.
- FQB3.4.1. Domina os cálculos con moles.
- FQB3.5.1. Sabe interpretar as RQ desde o punto de vista de partículas e moles.
- FQB3.5.2. Sabe realizar cálculos estequiométricos en estado sólido e en disolución.
- FQB3.6.1. Identifica os ións que caracterizan a ácidos e bases.

- FQB3.6.2. Sabe empregar a escala de pH.
- FQB3.7.1. Sabe realizar os cálculos dunha volumetría de neutralización entre ácidos e bases fortes.
- FQB3.7.2. Coñece os reactivos e produtos que se forman nunha reacción de combustión.
- FQB3.7.3. Sabe realizar no laboratorio unha reacción de neutralización entre ácidos e bases fortes.
- FQB3.8.1. Coñece as reaccións de síntese do amoníaco e o ácido sulfúrico e a importancia destas substancias.
- FQB3.8.2. Coñece a importancia das reaccións de combustión.
- FQB3.8.3. Coñece exemplos de reaccións de neutralización de importancia.
- FQB4.1.1. Entende a necesidade de empregar un sistema de referencia para estudar o movemento.
- FQB4.2.1. Sabe clasificar os distintos tipos de movementos e pon exemplos de cada un.
- FQB4.2.2. Distingue os concepto de velocidade e aceleración
- FQB4.3.1. Coñece as relacións matemáticas que relacionan as magnitudes implicadas nun MRU, MRUA e MCU.
- FQB4.4.1. Resolve problemas de MRU, MRUA e MCU aplicando o criterio de signos axeitado empregando unidades do SI.
- FQB4.4.2. Realiza cálculos para valorar a importancia da distancia de seguridade.
- FQB4.4.3. Entende a aparición dunha aceleración sempre que exista un cambio no vector velocidade.
- FQB4.5.1. Sabe calcular a velocidade e a aceleración deas gráficas x-t e v-t.
- FQB4.5.2. Realiza prácticas no laboratorio de MRU e MRUA e presenta e interpreta os resultados obtidos.
- FQB4.6.1. Identifica as forzas que producen cambios de velocidade nos corpos.
- FQB4.6.2. Sabe representar vectorialmente as forzas en movementos rectilíneos e circulares
- FQB4.7.1. Representa e calcula a resultante de varias forzas nun plano horizontal e inclinado.
- FQB4.8.1. Identifica as leis de Newton en fenómenos cotiáns.
- FQB4.8.2. Entende a primeira lei de Newton como un caso particular da segunda.
- FQB4.8.3. Identifica as forzas de acción e reacción en casos prácticos.
- FQB4.9.1. Sabe realizar cálculos de forzas empregando a lei de gravitación universal.
- FQB4.9.2. Obtén a aceleración de gravidade a partir da lei de gravitación.
- FQB4.10.1. Representa as forzas que están presentes nos movementos orbitais.
- FQB4.11.1. Relaciona a posición dos satélites coas súas aplicacións.
- FQB4.12.1. Entende a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto que produce.
- FQB4.12.2. Sabe calcular a presión exercida por un obxecto variando a superficie sobre a que se apoia.
- FQB4.13.1. Sabe aplicar o concepto de presión hidrostática en casos concretos.
- FQB4.13.2. Usa a presión hidrostática para explicar aplicacións cotiáns.
- FQB4.13.3. Resolve problemas empregando o principio de Pascal.
- FQB4.13.4. Realiza cálculos para determinar as forzas que interveñen en distintos dispositivos hidráulicos.
- FQB4.13.5. Calcula a flotabilidade de obxectos empregando o principio de Arquímedes.
- FQB4.14.1. Interpreta o paradoxo hidrostático e o principio dos vasos comunicantes en función da presión hidrostática.
- FQB4.14.2. Coñece como calcular o valor da presión atmosférica e entende os seus efectos.
- FQB4.14.3. Entende o fundamento dos barómetros e as súas aplicacións.
- FQB4.15.1. Entende a relación entre fenómenos atmosféricos e as variacións de presión.
- FQB4.15.2. Entende a simboloxía que aparecen nos mapas de isóbaras.
- FQB5.1.1. Sabe aplicar o principio de conservación da enerxía mecánica.

- FQB5.1.2. Sabe relacionar a enerxía disipada con procesos de diminución da enerxía mecánica.
- FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo co intercambio de enerxía.
- FQB5.2.2. Recoñece as condicións nas que un sistema intercambia enerxía en forma de calor.
- FQB5.3.1. Sabe calcular o traballo e a potencia asociados a unha forza empregando o caso xeral.
- FQB5.4.1. Sabe calcular as transformacións que experimenta un corpo ao perder ou gañar enerxía, incluídos os cambios de estado.
- FQB5.4.2. Realiza cálculos aplicando o concepto de equilibrio térmico.
- FQB5.4.3. Sabe calcular a dilatación lineal de obxectos.
- FQB5.4.4. Coñece os cálculos e o procedemento necesarios para determinar experimentalmente a calor específica das substancias.
- FQB5.5.1. Entende o fundamento dun motor de explosión.
- FQB5.5.2. Coñece a evolución histórica dos motores de explosión e a súa repercusión na nosa civilización.
- FQB5.6.1. Coñece e relación entre a enerxía e o traballo que ten lugar nunha máquina térmica.
- FQB5.6.2. Coñece simulacións nas que se observa a degradación de enerxía que se produce en diferentes máquinas.

7.4. Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles para Ciencias Aplicadas.

- CAAB1.1.1. Coñece o tipo de instrumental de laboratorio necesario para realizar os traballos.
- CAAB1.2.1. Sabe e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.
- CAAB1.3.1. Sabe recoller información por distintos medios e elabora informes de carácter científico.
- CAAB1.4.1 Realiza medidas de volume, masa e temperatura co instrumental axeitado.
- CAAB1.5.1. Sabe preparar disolucións con substancias diversas.
- CAAB1.6.1. Coñece as técnicas de separación máis usuais.
- CAAB1.7.1. Identifica biomoléculas en alimentos de uso cotián.
- CAAB1.8.1. Coñece as técnicas de desinfección do material empregado no laboratorio.
- CAAB1.9.1. Coñece as técnicas de desinfección do material empregado en distintos sectores profesionais e industriais.
- CAAB1.10.1 Identifica os procedementos instrumentais empregados en diversos sectores.
- CAAB1.11.1. Relaciona aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.
- CAAB2.1.1. Comprende o concepto de contaminación e o aplica a casos concretos.
- CAAB2.2.1. Coñece os tipos de contaminación da atmosfera, a súa orixe e os seus efectos.
- CAAB2.2.2. Recoñece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a chuvia ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático.
- CAAB2.3.1. Identifica os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.
- CAAB2.4.1. Identifica os axentes contaminantes da auga e coñece o seu tratamento.
- CAAB2.5.1. Coñece en que consiste a enerxía nuclear e analiza os factores a favor e en contra do seu uso.
- CAAB2.6.1. Entende os efectos da contaminación radioactiva sobre a vida.
- CAAB2.7.1. Coñece os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a súa recollida selectiva.
- CAAB2.8.1. Sabe argumenta os proles e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos.
- CAAB2.9.1. Coñece ensaios de laboratorio sinxelos para o control ambiental.
- CAAB2.10.1. Sabe describir o concepto de desenvolvemento sustentable.
- CAAB2.11.1. Colabora en campañas de mellora na utilización de recursos a nivel de centro.
- CAAB2.12.1. Participa na formulación de estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.
- CAAB3.1.1. Entende as tres etapas do proceso I+D+I.
- CAAB3.2.1. Coñece produtos baseados en novas tecnoloxías de uso actual.
- CAAB3.2.2. Coñece os principais organismos e administracións que fomentan a I+D+i a nivel estatal e autonómico.
- CAAB3.3.1 Entende a relación entre innovación e desenvolvemento económico.
- CAAB3.3.2. Coñece algunhas liñas de I+D+i actuais.
- CAAB3.4.1. Sabe valora a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.
- CAAB4.1.1. Sabe empregar as etapas do método de científico para o estudo dun problema.
- CAAB4.2.1. Sabe argumentar as hipótese propostas.

CAAB4.3.1. Sabe emplear recursos TIC para a elaboración e presentación de informes.

CAAB4.4.1 Traballa en grupo de forma respectuosa e coordinada.

CAAB4.5.1 É capaz de elaborar traballos de investigación para a súa presentación en público.

CAAB4.5.2. É capaz de expresar con precisión todas as fases das súas investigacións, de forma oral e escrita.

8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nos seguintes apartados indicamos o procedemento de avaliación de forma detallada para cada nivel educativo, pero resumimos en primeiro lugar os instrumentos de avaliación empregados para cada estándar tal e como se recollen nas táboas do punto 5 desta programación.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
Proba escrita	PE
Actividades realizadas na aula	AA
Traballos individuais ou colectivos	TR
Observación directa sobre o traballo diario	OD
Caderno de clase	CC
Prácticas de laboratorio	PL

8.1. Avaliación en 2º de ESO.

Posto que no proxecto Edixgal xa traballamos de forma ordinaria con contidos, actividades e tarefas na aula virtual os cambios introducidos por unha posible avaliación a distancia non se verá afectada de forma salientable.

A nota de cada avaliación será o resultado das probas escritas, caderno coas actividades, traballo na aula virtual e a actitude do alumno.

Probas obxectivas. En cada avaliación realizaranse dous exames que farán media sempre e cando en cada un deles se obteña como mínimo un catro. De non obtelo, poderá facer unha recuperación para ter posibilidade de aprobar a avaliación correspondente.

Libreta e aula virtual. Para obter unha valoración positiva deberá ter tódolos exercicios realizados e corrixidos na libreta, tódolos apuntes achegados ao longo do curso, unha presentación correcta e entregada na data demandada. Terá que realizar todas as tarefas e cuestionarios presentados na aula virtual.

Será **valorada con dous puntos** se reúne as seguintes características:

- ✓ Recolle as actividades realizadas e corrixidas. (0,75)
- ✓ Realiza todos os traballos en liña propostos. (0,75)
- ✓ Entrega as tarefas no prazo previsto. (0,25)
- ✓ Ten unha boa presentación. (0,25)

Actitude. Para este apartado terase en conta o esforzo no traballo de clase, atención e interese pola materia e o comportamento individual e en grupo e a participación en clases en liña.

Todo o alumnado **partirá cun punto** e se lle **restará 0,1 puntos** cada vez que o alumno moleste, non realice as tarefas indicadas ou moleste aos compañeiros.

Tendo en conta os apartados anteriores a nota de avaliación será calculada da seguinte maneira:

- 70% probas obxectivas presenciais ou a distancia.
- 20% libreta e aula virtual
- 10% actitude

Adaptación ao ensino a distancia.

Posto que, de forma ordinaria, xa traballamos con contidos, actividades e tarefas na aula virtual os cambios introducidos afectarán fundamentalmente á valoración do traballo na aula e libreta. Neste caso a ponderación será a seguinte:

Probas obxectivas (telemáticas)	70%
Tarefas, cuestionarios e actividade na AV	30%

8.2. Avaliación en 3º e 4º de ESO.

A avaliación dos contidos realizarase a través de probas obxectivas e dos traballos realizados na aula e na aula virtual. Tamén se terá en conta a actitude do alumnado na aula e no laboratorio.

Probas obxectivas. Faranse dúas por avaliación e, o alumnado que non supere o primeiro exame terá a oportunidade de recuperalo no segundo, que será de avaliación.

- Para o alumnado que aprobe os dous exames a nota será a media dos mesmos.
- Para o que suspenda o primeiro a nota media calcularase dándolle un peso do 25% ao primeiro e do 75% ao segundo.
- Se alguén suspende o segundo exame poderá facer **media** co primeiro sempre que a nota sexa **igual ou superior a 4 puntos**.

A nota de prácticas terá o mesmo valor que os exercicios escritos e fará media con eles para obter a nota da avaliación. Para obtela puntuaranse:

- 30% os coñecementos teóricos (preparación da práctica, cuestionarios inicial e final, ...).
- 30% o traballo no laboratorio (organización, dominio do instrumental, coordinación co grupo)
- 40% o informe final (presentación, explicación da tarefa realizada, cálculos correctos, análise de resultados, ...).

Traballo na aula. Contribúe cun punto sobre 10 a nota da avaliación. Todo alumnado parte con 0,5 en cada avaliación e sumará ou restará 0,1 puntos por cada intervención positiva ou negativa ao longo do trimestre.

- Considéranse positivas a realización de tarefas no taboleiro, a intervención ante preguntas do profesor, a participación en debates de temas de interese que xurdan na clase, a realización das tarefas na libreta de forma organizada ...
- Considéranse negativas a asistencia a clase sen o material de traballo, a non presentación de tarefas, a recollida de información de forma desordenada ou a ausencia de datos importantes, ...

Aula virtual. Para fomentar o uso da aula virtual valoramos cun punto as actividades realizadas.

- Cada punto que supere o cinco nun cuestionario engadirá unha décima á nota.
- Cada participación nas actividades propostas contribuirá cunha décima sempre que realice un 50% da mesma como mínimo.

Actitude. Puntuase cun 10% da nota. O alumnado parte con 0,5 e sumará ou restará décimas en función de actitudes favorables ou desfavorables.

- Actitudes favorables. Está en clase puntual e listo para comezar a clase cando chega o profesor, colabora cos compañeiros nos traballos en parella ou pequeno grupo, é respectuoso no trato cos compañeiros e co profesor, é participativo e ten interese por entender o tema que se está a tratar na clase.
- Actitudes desfavorables. Non é puntual e non está listo para empezar a clase ata que recibe a advertencia do profesor, provoca interrupcións reiteradas da dinámica da clase, actúa de forma pouco respectuosa cos compañeiros ou co profesor.

A nota de cada unha das avaliacións obtérase tendo en conta os puntos anteriores coa seguinte ponderación:

Probas obxectivas (incluídas prácticas)	70%
Traballo na aula	10%
Tarefas na AV	10%
Actitude	10%

Para o alumnado que perda o dereito de avaliación continua por exceso de faltas de asistencia se lle prepararán fichas de traballo para que presente, correctamente

realizadas, ao final do curso con carácter obrigatorio para poder optar ao aprobado no exame final de toda a materia que realizará no mes de xuño.

Ademais do sinalado con carácter xeral, no 4º de ESO efectuarase no mes de febreiro o cambio entre Física e Química aproveitando para realizar unha proba global de cada área para o alumnado que teña algunha parte suspensa.

A nota da segunda avaliación obterase polo método xeral indicado, pero en calquera caso o alumnado terá que recuperar se ten unha parte suspensa cunha nota inferior a 4 puntos.

Adaptación ao ensino a distancia.

Posto que, de forma ordinaria, xa traballamos con contidos, actividades e tarefas na aula virtual os cambios introducidos afectarán fundamentalmente á valoración do traballo na aula e no laboratorio. Neste caso a ponderación será a seguinte:

Probas obxectivas (telemáticas)	70%
Tarefas, cuestionarios e actividade na AV	30%

8.3. Avaliación en Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.

A avaliación dos contidos realizarase a través de probas obxectivas e dos traballos realizados na aula e na aula virtual. Tamén se terá en conta a actitude do alumnado na aula e no laboratorio.

Probas obxectivas. Farase unha na primeira e unha na segunda avaliación, na terceira avaliación avaliarase mediante un proxecto de investigación e un traballo de investigación, o alumnado que non supere unha avaliación deberá recuperar a parte que non superara en dita avaliación.

- A nota das probas obxectivas terá un valor do 40 % da nota da avaliación.
- A nota fará media sempre que supere o 50 % do valor da proba escrita, se non se convocará ao alumnado a repetir a materia trala avaliación.

A nota de prácticas terá o mesmo valor que os exercicios escritos e fará media con eles para obter a nota da avaliación. Para obtela puntuaranse:

- 30% os coñecementos teóricos (preparación da práctica, cuestionarios inicial e final, ...).

- 30% o traballo no laboratorio (organización, dominio do instrumental, coordinación co grupo)
- 40% o informe final (presentación, explicación da tarefa realizada, cálculos correctos, análise de resultados, ...).

Traballo na aula. Contribúe cun 40% á nota da avaliación. Todo alumnado parte con 2 puntos en cada avaliación e sumará ou restará 0,1 puntos por cada intervención positiva ou negativa ao longo do trimestre.

- Considéranse positivas a realización de tarefas no taboleiro, a intervención ante preguntas do profesor, a participación en debates de temas de interese que xurdan na clase, a realización das tarefas na libreta de forma organizada ...
- Considéranse negativas a asistencia a clase sen o material de traballo, a non presentación de tarefas, a recollida de información de forma desordenada ou a ausencia de datos importantes, ...

Aula virtual. Para fomentar o uso da aula virtual valoramos cun punto as actividades realizadas.

- Cada punto que supere o cinco nun cuestionario engadirá unha décima á nota.
- Cada participación nas actividades propostas contribuirá cunha décima sempre que realice un 50% da mesma como mínimo.

Actitude. Puntuase cun 10% da nota. O alumnado parte con 0,5 e sumará ou restará décimas en función de actitudes favorables ou desfavorables.

- Actitudes favorables. Está en clase puntual e listo para comezar a clase cando chega o profesor, colabora cos compañeiros nos traballos en parella ou pequeno grupo, é respectuoso no trato cos compañeiros e co profesor, é participativo e ten interese por entender o tema que se está a tratar na clase.
- Actitudes desfavorables. Non é puntual e non está listo para empezar a clase ata que recibe a advertencia do profesor, provoca interrupcións reiteradas da dinámica da clase, actúa de forma pouco respectuosa cos compañeiros ou co profesor.

A nota de cada unha das avaliacións obtérase tendo en conta os puntos anteriores coa seguinte ponderación:

Probas obxectivas (incluídas prácticas)	40%
Traballo na aula	40%
Tarefas na AV	10%
Actitude	10%

No mes de xuño realízase unha proba específica para superar **algunha** das partes da materia que non superara.

Para o alumnado que perda o dereito de avaliación continua por exceso de faltas de asistencia se lle prepararán fichas de traballo para que presente, correctamente

realizadas, ao final do curso con carácter obrigatorio para poder optar ao aprobado no exame final de toda a materia que realizará no mes de xuño.

Adaptación ao ensino a distancia.

Posto que, de forma ordinaria, xa traballamos con contidos, actividades e tarefas na aula virtual os cambios introducidos afectarán fundamentalmente á valoración do traballo na aula e no laboratorio. Neste caso a ponderación será a seguinte:

Probas obxectivas (telemáticas)	70%
Tarefas, cuestionarios e actividade na AV	30%

8.4. Avaliación final.

O alumnado que, realizada a terceira avaliación, teña algunha avaliación suspensa terá opción de recuperala no exame final do mes de xuño.

Durante o período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final realizaranse tarefas de recuperación co alumnado suspenso co obxectivo de que podan superar a materia. Elaborarase un informe individualizado que recolla as actividades deseñadas para traballar durante este período.

Con carácter xeral a nota final será calculada como o valor medio das tres avaliacións parciais.

O alumnado que teña superadas as tres avaliacións realizará tarefas de afondamento e reforzo dalgunha das partes que foran menos traballadas durante o curso. A realización de forma satisfactoria destas actividades poderá incrementar a nota media, previa ao redondeo, nun máximo de 0,5 puntos para obter a nota final.

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa realizará as actividades propostas durante o mes de xuño co obxectivo de preparar a proba que se realizará antes do remate do curso. Neste caso a nota final calcularase dándolle un peso do 50% a nota media das tres avaliacións e do 50% aos resultados obtidos no mes de xuño.

9. METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

9.1. Metodoloxía.

Como se sinala no currículo da área o principal obxectivo é que o alumnado adquira a capacidade de describir e comprender o seu entorno e explicar os fenómenos que nel suceden aplicando os seus coñecementos e os procedementos habituais do método científico.

Para cumprir este obxectivo ponse en práctica un proceso de traballo que permita usar os elementos didácticos de cada unidade en diferentes situacións de aprendizaxe. Polo tanto, trátanse de aplicar diferentes métodos traballo de forma complementaria:

- **Inductivo:** partindo do particular e próximo ó alumnado terminar no xeral a través de conceptualizacións cada vez máis complexas.
- **Deductivo:** partir do xeral para concluír no particular, no contorno próximo ó alumnado.
- **Indagatorio:** mediante a aplicación do método científico.
- **Activo:** baseado na realización de actividades por parte do alumnado.
- **Explicativo:** baseado nas estratexias de explicación.
- **Participativo:** invitando ó debate.
- **Mixto:** tendente a empregar na mesma unidade didáctica máis dun dos métodos anteriores.

Para que a aprendizaxe sexa significativa deben terse en conta os seguintes aspectos:

- Promover unha aprendizaxe constructiva, relacionando os contidos, tanto conceptuais coma procedementais.
- Propoñer actividades prácticas, como as amosadas no seguinte apartado, que sitúen ao alumnado fronte ó desenvolvemento do traballo en equipo, e axudándoos a se enfrontar co método científico que os motive para o estudio.
- Sempre que sexa posible partiremos de exemplos que lle son coñecidos coma os de oxidación, ácido, combustión, etc, de forma que se implique activamente na construción da súa propia aprendizaxe.
- Tendo en conta a cultura audiovisual que ten o alumnado é necesario fomentar, como complemento ao libro de texto, o uso de biblioteca como fonte de recursos onde o alumnado pode atopar revistas de actualidade, libros e enciclopedias que lle

permitan aclarar ou afondar nas ideas plantexadas nesta unidade. Os medios informáticos son outra fonte de actividades que permiten a motivación do alumnado e serven para acadar os obxectivos presentados. Así, por exemplo atópanse na Internet páxinas onde pode observarse simulacións de como varía a velocidade dunha reacción coa temperatura e outros factores, exercicios para o axuste de reaccións químicas, exemplos de reaccións de neutralización, indicadores, etc

9.2. Materiais curriculares.

O departamento participa no programa Edixgal que se aplica en todos os curso da ESO. Ademais dos recursos das editoriais, empregaremos material complementario de elaboración propia que subiremos á aula virtual ou entregaremos en papel ao alumnado. Debido ao escaso material dispoñible para os cursos de 3º e 4º de ESO, comezamos traballando cos recursos de elaboración propia ubicados na aula virtual do IES.

9.3. Recursos didácticos.

A información que recibimos chéganos, en gran parte, desde a televisión, a radio e internet e cada vez máis, museos, bibliotecas e centros de recursos empregan estas tecnoloxías para difundir información.

Cada vez apréndense máis cousas fóra dos centros, polo que o profesorado necesita adaptarse a unhas formas de ensinar empregando os medios dos que agora dispoñemos para responder as novas demandas que o sistema educativo presenta.

Con esta idea trataremos de empregar recursos variados e motivadores para tratar de acadar os obxectivos programados.

Traballarase con **material fotocopiado** elaborado polo departamento con actividades, cuestións e problemas para realizar na clase ou como traballo para a casa.

Dispoñemos dun **laboratorio** con material de electricidade, mecánica e termoloxía para a parte de Física e o material necesario para preparar disolucións e facer reaccións para a parte de Química.

Dado que consideramos que é un aspecto fundamental para o estudo dun área como a Física e Química, efectuaremos prácticas de laboratorio para que o alumnado adquira as destrezas e procedementos típicos de áreas experimentais.

Debido ó reducido espazo do laboratorio, a escaseza de material e ao feito de que só exista un laboratorio para Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía complica de maneira notable a utilización do mesmo. Isto limita o seu uso ás prácticas de 4º de ESO e a presentación do material e dalgunha experiencia de disolucións en 3ª curso.

Para o presente curso está previsto a realización das seguintes prácticas:

MRU. Estudio do movemento dunha bóla dentro de un tubo cheo de auga.

MRUA. Estudio da caída de distintas bólas por un plano inclinado.

FLÚIDOS. Experiencias sobre os principios de Pascal e Arquímedes.

DISOLUCIÓN. Preparación de distintas disolucións de ácidos e bases.

REACCIÓN. Estudio dunha reacción de neutralización. Indicadores.

Estudio cualitativo dos factores que inflúen na velocidade dunha reacción química.

En canto a **medios audiovisuais**, pódense empregar videos para a introdución dalgún tema e presentacións informáticas para axudar a preparación das prácticas.

Empregaremos a **biblioteca** como ferramenta para realizar tarefas de busca de información, para a elaboración de traballos e para aclarar dúbidas con ou sen axuda do profesor.

Como xa mencionamos con anterioridade, é fundamental o uso do **ordenador**, tanto pola crecente aparición de programas deseñados para a simulación de todo tipo de procesos, como polo acceso a internet que facilita as técnicas de aprendizaxe permitindo incluso a autoavaliación do alumnado.

10. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Cada profesor ou profesora, adoptará os mecanismos necesarios para facer unha valoración inicial. Esta poderá facerse mediante unha proba escrita e/ou mediante a observación sistemática e individualizada do alumno durante os primeiros días do curso.

Unha vez que se teña unha valoración compre adoptar medidas nos casos que se consideren convenientes (desfase curricular, dificultades de comprensión, falta de motivación, falta de hábitos, ...). Estas poderán ser entre outras:

- Adaptación curricular.*
- Programa de reforzo.*
- Adaptación de tempos nos exames ou explicacións específicas das preguntas.*
- Adaptación dos contidos dos exames.*
- Adaptación de actividades a realizar.*
- Adaptación de materiais (por exemplo en caso de discapacidades).*

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro da práctica docente o máis normal é atoparse con grupos heteroxéneos que obrigan ao deseño de actividades de distinta dificultade que permitan a todo o alumnado acadar os obxectivos aínda que a ritmos diferentes.

A realización dalgunhas tarefas en grupo permite que entre os propios compañeiros se realice un reforzo de coñecementos e procedementos aproveitando os grupos formados para as prácticas de laboratorio.

Para o alumnado que non acade os obxectivos unha vez realizadas as avaliacións parciais do temario elaboraranse boletíns de exercicios de reforzo que constarán de tres partes:

Lembra. Presentarase un breve recordatorio dos contidos necesarios para resolver as actividades propostas.

Observa. Mostraremos unha actividade resolta.

Practica. Proposta de exercicios para resolver, coa solución.

A presentación dos boletíns resoltos será esixida antes da realización da seguinte proba. Debido a gran interrelación que existe entre moitos temas pretendese con esta medida que o alumnado vaia acadando os obxectivos mínimos para poder avanzar na materia. e non quede descolgado no momento que se produce o primeiro contratempo.

Na aula virtual temos actividades de distinta dificultade para que o alumnado as realice segundo as súas posibilidades.

12. PROGRAMACIÓN DAS MEDIDAS DE REFORZO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

O alumnado de 2º e 3º ESO que promocióne de curso con materias pendentes deberá recuperalas. Para tratar de axudar ao alumnado a conseguilo prepararase material axeitado por temas da materia de Física e Química.

Dedicarase un recreo dos venres para aclarar dúbidas e facer o seguimento das actividades propostas.

O alumnado que participe nestas actividades de recuperación terá opción a realizar exames parciais da materia. Estas probas realizaranse despois das avaliacións 1ª e 2ª en datas que non coincidan cos exames das materias ordinarias para evitar, na medida do posible, interferir coa marcha do curso.

Dados os recursos dispoñibles na aula virtual será posible facer un seguimento on line das actividades realizadas polo alumnado e non será tan necesario o control físico das mesmas, que é o principal problema cando o alumnado non escolle a materia de Física e Química en 4º de ESO.

Dado a coincidencia do temario, ao alumnado que supere a parte de Química do cuarto curso de ESO se lle considerará superada a equivalente de terceiro curso, polo que só terá que recuperar a parte de Física.

Os mínimos esixibles serán os mesmos que para o curso de 3º ESO ordinario.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Está previsto continuar colaborando no programa de reparto de froita entre o alumnado. Con esta actividade pretendemos fomentar os hábitos saudables entre o alumnado. Nos encargaremos da organización das actividades de reparto e na difusión entre o alumnado dos beneficios da froita fresca nunha alimentación cotiá.

Tamén continuaremos realizando actividades dentro do Proxecto Climántica. Os habituais intercambios de alumnado con outros centros dependerá da evolución da pandemia.

Como todos os anos trataremos de colaborar nas actividades organizadas polos departamentos de Tecnoloxía e Bioloxía e Xeoloxía.

14. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, incluímos este proxecto lector destinado ao fomento da lectura, da escritura e á adquisición das competencias básicas.

Realizaremos intervencións relacionadas coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais.

A finalidade máis importante deste proxecto é a formación de lectores e lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

Traballaremos con textos de todo tipo: xornalísticos, gráficos, biografías de científicos; en soporte impreso ou electrónico.

Dedicaremos, ao comezo do curso, algunha clase para visitar a biblioteca escolar e aprender a utilizala. Trataremos que o alumnado sexa capaz de realizar buscas de materiais interesantes relacionados co tema que estamos a tratar nese momento, ampliar información, consultar revistas científicas, biografías, comprensión de textos científicos, etc.

Na medida que a marcha do curso o permita destinaremos tempo para a lectura na aula aproveitando os momentos nos que se remate unha actividade antes da hora. Para ser efectivo este tempo non será inferior aos 10 minutos.

Durante o presente curso traballaremos sobre aspectos relacionados coas emocións en relación co tema proposto dentro do Plan de Biblioteca. Desde o departamento de Física e Química seleccionaremos lecturas e actividades relacionadas con esta temática. O alumnado realizará tarefas en grupos nas que se traten estes aspectos e crearemos novos materiais, soportes audiovisuais, etc.

15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital satisfactoria. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Tamén se empregará a biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.

A finalidade deste plan é fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas e empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

A extensión do programa E-Dixgal a todo o alumnado do centro supón un paso adiante no uso de recursos TIC obrigados pola ausencia de libro de texto en papel.

Están elaborados contidos empregando software **SMART Notebook** para traballar na aula tanto en Física como en Química. Estes recursos dixitais serán un complemento das clases ordinarias e permiten a presentación das unidades didácticas dunha forma máis visual con debuxos, gráficos precisos e animacións.

Tamén usaremos os diversos laboratorios virtuais que existen na rede para traballar contidos de Física e Química que non podemos realizar no noso laboratorio.

En curso anteriores efectuamos a gravación dos traballos prácticos realizados no laboratorio e que serven para expoñer estes temas ao alumnado en forma de presentacións e vídeos curtos. Isto permite que o alumnado chegue ao laboratorio xa con información do que ten que facer e permite aproveitar mellor o escaso tempo de que dispoñemos.

Son tamén de gran utilidade os recursos elaborados dentro do Proxecto Newton que contan con explicacións, animacións e exercicios de autoavaliación. Algún dos temas foron adaptados en cursos anteriores para o noso alumnado.

Seguindo a tendencia dos últimos anos para este curso xa temos operativa a aula virtual dentro da plataforma Moodle e na que o departamento xa dispón de varios cursos para realizar polo alumnado. Xa están a disposición do alumnado de 3º e 4º de ESO os temas de Química e Física, con actividades e exercicios de autoavaliación. A información para a realización das prácticas de reaccións de neutralización e de Cinemática de 4º de ESO tamén está dispoñible na aula virtual. Os escasos recursos para 3º e 4º de ESO que se atopan dispoñibles, ata o momento, na plataforma Edixgal fai que comecemos o curso empregando o material propio elaborado para a aula virtual do centro.

Posto que o uso de follas de cálculo resulta moi útil para o procesado de datos experimentais é obrigatorio para o alumnado de 4º de ESO entregar os resultados das prácticas de Cinemática empregando este soporte. Desta forma fomentamos o uso de ferramentas dixitais como complemento da toma de datos e presentación de resultados en forma de táboas e gráficos como parte do método científico de traballo.

16. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Algúns dos elementos transversais xa se comentan dentro da contribución ao plan lector e de desenvolvemento das TIC. Ademais trataremos de forma transversal os seguintes elementos:

Educación en valores. Mediante o estudo da biografía de figuras destacadas da ciencia trataremos de explicar a súa contribución á mellora das condicións de vida da sociedade e á abolición de medidas discriminatorias par motivo de raza, sexo, etc (Marie Curie, Lise Meitner, Einstein, Bohr, etc).

O traballo en grupo, especialmente no laboratorio, contribúe a fomentar a participación de todos en diversas tarefas sen permitir estereotipos nin prexuízos á hora de asumir distintos papeis dentro do traballo.

Seguridade viaria. O estudo da Cinemática contribúe a entender o concepto de velocidade, aceleración, distancia de seguridade e mensaxes que recibimos para evitar accidentes.

Educación medioambiental. Aínda que se contemplan aspectos curriculares deste apartado pensamos que ten que verse máis como un modo de vida que como unha materia de estudo máis. É importante darlle un sentido transversal para que sexa vista desde un punto de vista científico, de saúde, de desenvolvemento social e acompañada dunha valoración histórica dalgunhas actividades humanas que teñen ocasionado grandes problemas. A participación en programas como Climática permite a visión deste problema compartida con outro centros que aportan experiencias moi enriquecedoras para o alumnado.

17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar a programación didáctica partiremos de dous criterios xerais:

a. O axuste ou coherencia da nosa programación e os elementos curriculares xerais marcados na normativa e nos acordos da CCP. En particular, deberemos contrastar se a materia contribuíu a acadar as competencias básicas. A este respecto, formalmente, xa se axusta, pois seguimos os puntos previstos na lei.

b) Ademais perseguiremos que a programación sexa:

- Eficaz: que conseguira que os contidos da nosa materia se aprendan.
- Eficiente: que os resultados obtidos sexan causados pola aplicación do programado, non pola casualidade, as clases particulares ou os coñecementos adquiridos por outras fontes.
- Funcional ou útil: que servira para o que se deseñou.

Propónse un procedemento de valoración da programación e da práctica docente no que se analice o cumprimento dos seguintes apartados:

INDICADORES	VALORACIÓN				
	1	2	3	4	5
1. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.					
2. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
3. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso da aprendizaxe alumnado..					
4. Coordinase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns a Física e Química.					
5. Presenta situacións para introducir a unidade (lecturas, debates, diálogos, curiosidades,...).					
6. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.					
7. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.					
8. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...					
9. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.					
10. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.					
11. Emprega axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.					
12. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.					
13. Presenta actividades grupais e individuais.					
14. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.					
15. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.					
16. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas.					
17. Emprega suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.					
18. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes no foron alcanzados suficientemente.					
19. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.					
20. Utiliza diferentes instrumentos de avaliación: técnica de resolución de problemas (exames), técnica de solicitude de produtos (traballos), técnicas de observación (caderno do profesor)					
21. Proporciona a corrección das probas de avaliación en grupo o individualmente, para solucionar as dúbidas do alumnado.					

Unha vez ao mes farase un seguimento destes indicadores que se contrastarán nas reunións da CCP e do Claustro de profesorado cos datos aportados polo resto de profesorado.

A final de curso haberá que analizar que contidos non se puideron abordar ou non se puido facer coa extensión desexable para introducilo na memoria e realizar os cambios oportunos para o vindeiro curso.

18. PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

Ao comezo do curso explicarase ao alumnado os procedementos e instrumentos de avaliación. En cada avaliación indicaranse os mínimos esixibles para superar a materia nas partes tratadas.

Na páxina web do centro, na sección do departamento de Física e Química figurarán os apartados mencionados no parágrafo anterior para que estean a disposición do alumnado e das familias durante todo o curso.

Estes aspectos da programación xa están incorporados na aula virtual do IES, en cada un dos cursos ao que ten acceso o alumnado, para que teña sempre presente o que debe coñecer e como será avaliado.

O día 6 de abril o xefe do departamento de Física e Química presenta á dirección do IES a programación modificada para ter en conta o disposto na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación.



Asdo: Daniel Losada Andreu
Xefe de departamento